

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Expte.:** 806/2024

**Asunto:** Normas para a celebración das Fogueiras de San Xoán 2024.

Tódoos anos por estas datas e seguindo unha antiga costume, este Concello adoita lembrar á veciñanza as normas de mantemento das condicións de seguranza para a queima de fogueiras, lumieiras ou cacharelas de San Xoán, que terán lugar a noite do 23 de xuño.

Polos motivos expostos anteriormente, propónse a adopción das normas para a celebración das Fogueiras de San Xoán 2024, polo que RESOLVO:

PRIMEIRO.- APROBAR as normas ás que terá que axeitarse a instalación e queima das fogueiras particulares de San Xoán 2024, e o modelo de comunicación normalizado.

### **NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2024**

1º.- Presentación a través da sede electrónica ([www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal)), ou no Rexistro Xeral do Concello, empregando o modelo de comunicación normalizado a tal efecto, sendo ó último **día o 20 de xuño**, facendo constar os seguintes datos da persoa que organiza a fogueira, e que se fai responsable dela:

- Nome, apelidos e documento nacional de identidade da persoa solicitante.
- Situación exacta do lugar (nº vivenda), ou referencia catastral.
- Compromiso de dispor dun teléfono móbil en funcionamento, con indicación na comunicación do seu número.

2º.- As fogueiras terán que distar un mínimo de 15 metros ás edificacións e árbores. O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros. As persoas asistentes á fogueira non poderán concentrarse a unha distancia inferior á do ancho da fogueira respecto do perímetro exterior.

3º.- Os materiais a empregar na combustión serán: leña, pólas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase. Prohíbense calquera outro tipo de material, especialmente: os pneumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con PVC en xeral e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou calquera substancia explosiva. Lémbrese que un bote de aerosol, aínda baleiro, pode orixinar unha explosión importante. Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

4º.- Prohíbese a realización de fogueiras sobre vías públicas pavimentadas, xardíns ou zonas verdes en xeral.

5º.- A persoa solicitante terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar os axentes dos Corpos da Policía Local, da Garda Civil ou Corpo de Bombeiros Esta Alcaldía ó tempo que convida a toda a veciñanza a gozar a celebración desta noite, confía en que se cumpran estas instrucións ditadas co afán de garantir a protección e seguranza no municipio en





conciliación co lecer da cidadanía.

O ALCALDE,

Ante mín A SECRETARIA,

**(Documento asinado electronicamente)**

Concello de Soutomaior

Rúa Alexandre Bóveda n.º 13 Soutomaior (Pontevedra) Tfno. 986705106 [www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal)

Cod. Validación: 6JH6M6R6KPHWAH6I7SXMLCXRG  
Corrección: <https://soutomaior.es/electronica/es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

